

¿Por que o meu mal, enfermidade ou desgraza?

-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-

*** Nunca pensar que son un castigo de Deus. Nunca.**

*** Case sempre son a consecuencia da fragilidade humana:
--somos fráxiles no corpo,
--somos fráxiles na mente, no espírito...**



*** Ás veces causámonos mal uns aos outros. Dá mágoa que sexa así, pero...**

*** Ás veces causámonos mal a nós mesmos, por abandonarnos das cousas do corpo, da mente, do espírito.**

*** Ás veces parece que son cousas da mala sorte, da casualidade.**

*** No mal e na enfermidade hai un fondo de misterio que nos desborda, que nos sitúa nos límites máis duros do ser humano.**

¿Que podó facer ante o mal, a enfermidade ou a desgraza?

-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-

*** Coidar a nosa saúde coas menciñas e indicacións que nós dá o persoal sanitario.**

*** Non causar ningún mal a quen na vida nos acompaña ou rodea.**



*** Esixir un bo servizo público de saúde e unirnos a quen así o demanda.**

*** Coidarse das cousas que nos fan mal:
--non abusar do alcohol,
--non consumir drogas,
--conducir con precaución...**

*** Se aínda así chega o mal, buscar bos apoios médicos e xente sensata, que me acompañe.**



*** Aceptar con humildade, con resignación, que somos fráxiles.**

*** Se son crente, podó rezar acollendo o sosego e a forza que Deus sempre dá.**

¿Que nos ofrece a fe cristiá ante o mal e a enfermidade?

-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-.-

*** Afírmanos que Deus nunca nos manda o mal como castigo. Deus é todo amor, sempre amor.**

*** Axúdanos a ser persoas coidadoras da nosa saúde e da dos demais.**

*** Anímanos a esixirle aos gobernos un bo servizo público de saúde.**

*** Anímanos a acompañar a quen padece , para dar ánimo e esperanza.**

*** Apréndenos a encaixar a desgraza sen derrubarnos.**

*** Ofrécenos o exemplo do mesmo fillo de Deus: Xesús afrontou a súa morte inxusta con paz, con confianza.**

*** Fainos unha promesa: hai paz e esperanza para o ser humano decaído: hai vida nova en Deus, sen bágoas.**

